

## **EN BEGONTE, NACE**

E apareces, así, desdebuxada,  
trazando ausencias no meu peito,  
mentres eu  
que por sentir non sinto nada,  
buscas morrer entre o fol dun intento...  
...esquecido e case sen vida, o gaiteiro.

Como notas que se suceden,  
como airiños frotantes no misterio das cores,  
enreda o raizame do poeta,  
enreda auspiciando compañía, auspiciando amores  
nun voar de bolboreta;  
Panxoliña de inverno  
difusa, doce.

Sexa o tempo, decorador de soños,  
sexá o frío latente, morno espertar,  
que o folclore rexurda,  
que o Nadal, Nadal.  
Ensálcese a vella patria,  
camiño de Begonte,  
de inocente melancolía,  
que no crepúsculo da túa noite  
nace un neno,  
nace o adail do veceiro,  
nace a paz e nace a vida.  
E é nesa parte imperecedeira e tenra  
dos versos dos antergos,  
onde nas fiestras medran luces  
e nas árbores, invernoso.

Ao lonxe volve o son cascabeleiro,  
ao lonxe,  
convertido na tradición roída  
que un crego soñou un día  
nunha estrela e lúas escintiladas.  
Inventei un cantar de Reis. Son gaitas.

No primeiro plano o misterio;  
e un pouco máis alá, (entre o fol dun intento)  
cantando as panxoliñas a carón dos nenos...  
está O Gaiteiro.

II

Esperanza de Nadal,  
utopía  
que medra nalgures...

Miro pola fiestra  
e non vexo nada,  
será que escoito a terra apagada,  
e un corazón latexante de vida  
respira,  
sinte,  
regresa,  
bule.

É o home que volve,  
beliscando os meus adentros,  
sentíndoo todo,  
soñando esperto,  
suspiro esquecido, ilusionado, e efémero  
que xorde  
aquí... onde?  
Volve á aldea que o viu nacer.

Sinxela panxoliña escumeante  
de ser,  
que vira entre verbas,  
balbordo, silencio,  
durme.  
Mentres, o anhelo pelexante de ver  
que o envolve,  
as estrelas caen entre pálpebras  
nun soño,  
Un neno que chora nese inevitable querer,  
morno,  
tinido de luces, de tebras,  
de bágoas de cores;  
e nace, arroupado coa lúa,  
con todo Begonte, coa escuridade más núa,  
sentido asubíos que cantan galegos,  
que espertan a chama da imberbe alma súa.

Miro pola fiestra  
e non vexo nada,  
será que escoito a terra apagada,  
desexos inquedos de dozura amarga,  
amarga.  
Neste durmir berran ledicia,  
e sigo a soñar...

utopía,  
utopía.

///

Entre escurecidos resplandores,  
entre embelecidas lembranzas,  
entre alleos visitantes  
coas más sinxelas grazas...

Inventadas figuras tararean  
cancións de berce,  
que asubían pasenijo  
alí, onde as estrelas obedecen.

Imos a Begonte  
coa perenne faciana,  
sen saber más nada,  
que tanto pecha é a noite  
coma poderosa é a esperanza.

Alí, en Begonte,  
nace.  
É pequeno e dorme.